



BASES REGULADORAS DO IV CERTAME “MELLORES TORTILLAS DOCES DO PEÑÓN 2022”

Expte. Admvo.: 2022/D004/000010

O Concello de Laxe no ano 2017 iniciou a celebración deste certame co que pretendía promover o coñecemento desta festa tradicional no noso Concello, fomentar a participación cidadá na celebración desta festividade, así como contribuír ó coñecemento, conservación e transmisión interxeracional dun dos pratos gastronómicos típicos que elaboraban e elaboran as familias que celebran esta data: a tortilla doce.

Debido á pandemia da COVID-19, a celebración deste certame suspendeuse por medidas de seguridade e prevención ata que as circunstancias permitisen volver a retomalo que é precisamente o que pretendemos neste ano 2022. Sería a de este ano a súa cuarta edición, xa que no 2019, celebrouse a terceira.

Coa intención de darlle continuidade á iniciativa e ós obxectivos expostos, así como cos de:

- Promover a recuperación das diferentes variantes receitas de tortillas doces o día do Peñón.
- Facilitar o achegamento e o coñecemento por parte das xeracións máis novas a parte do noso patrimonio cultural e gastronomía local.
- Dinamizar o comercio local favorecendo a inversión económica no mesmo.
- Promover a innovación e a creatividade gastronómica a partir da recuperación de pratos tradicionais.

En base a todo o comentado, a Concellería de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura, coa intención de celebrar neste ano 2022 a súa cuarta edición, propón as seguintes:

BASES REGULADORAS DO IV CERTAME “MELLORES TORTILLAS DOCES DO PEÑÓN 2022”

1. PARTICIPACIÓN.

Poderán participar neste certame todas as persoas maiores de idade, ben sexan profesionais ou persoas afeccionadas ó mundo da cociña e da gastronomía galegas.

Cada persoa, nomeadamente, unicamente poderá presentar unha proposta de “tortilla doce” ó certame.

2. OBXECTO.

Elixir as “3 mellores tortillas doces” máis saborosas e con mellor presentación na Festa do Peñón 2022 que se celebrará o luns día 6 de xuño deste ano.

3. CARACTERÍSTICAS DA TORTILLA DOCE.

A receita **deberá conter como mínimo os ingredientes básicos** da receita tradicional de “tortilla doce” elaborada con motivo da celebración da Festa do Peñón no noso concello e que son: **ovos, azucre, pan e leite**. Cada participante, poderá engadir outros ingredientes que estime oportunos e/ou convenientes.

4. DAS FORMAS DE PREINSCRIPCIÓN, PRESENTACIÓN DAS TORTILLAS DOCES E FORMALIZACIÓN DA INSCRIPCIÓN. PRAZOS.

Toda persoa que desexe participar no certame, deberá PREINSCRIBIRSE NAS OFICINAS DE CULTURA do Concello de Laxe, de maneira presencial, chamando ó teléfono do Dpto.: 881 045 854, ó do Concello: 981 706 903 ou remitindo un correo electrónico a cultura@concellodelaxe.com. En calquera caso, **deberá facilitar: nome, apelidos, DNI, idade e teléfono de contacto**.



O **PRAZO DE PREINSCRICIÓN** estará aberto dende a data de publicación destas bases e **ata o luns 6 de xuño ás 11.00 horas**.

A **ENTREGA DE TORTILLAS** deberá realizarse no lugar habilitado ó efecto na Braña de Soesto, o **luns día 6 de xuño entre as 18.00 e 18.45 horas**, **asinando nese momento a folla de inscrición formalizada** en modelo de INSTANCIA DE SOLICITUDE XERAL dirixida ó Concello de Laxe que facilitará a organización.

Nesta instancia de solicitude, incluíranse **NO APARTADO DE OBSERVACIÓNS**, como mínimo, os seguintes datos da receita: **INGREDIENTES, TEMPO DE ELABORACIÓN, ANO DE APRENDIZAXE DA RECEITA, FONTE E INDICACIÓNS DE ELABORACIÓN**.

5. DO XURADO E DO PROCEDIMENTO PARA A ELECCIÓN DAS TORTILLAS GAÑADORAS.

O xurado estará **formado por 3 persoas seleccionadas entre as panaderías e pastelerías do noso Concello e/ou da contorna, con experiencia acreditada no ámbito da cociña e, máis en particular, na elaboración de doces. Constituirase e reunirse o mesmo Día do Peñón, luns 6 de xuño, ás 19.00 horas**, momento no cal procederá a degustar todas tortillas doces presentadas ó certame, puntuar e deliberar para elixir as tortillas gañadoras.

Os **criterios que se valorarán para a elección da tortilla gañadora**, serán os seguintes: **PRESENTACIÓN, SABOR, TEXTURA E ORIXINALIDADE**, outorgando para cada categoría puntuacións comprendidas entre o 0 e o 10, sendo 0 a menor puntuación e 10 a máxima.

Exercerá como **secretaria do acto** a Concelleira delegada de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura do Concello de Laxe, Raquel Lema Allo, que estenderá acta da deliberación do xurado.

Concluída a deliberación do xurado, **o resultado do certame comunicarse ó mesmo tempo tanto ás persoas gañadoras como a todo o público asistente á celebración do acto de entrega de diplomas e “vales económicos simbólicos”** que terá lugar o mesmo día na Braña de Soesto ó redor das **19.30 ou 20.00 horas previsiblemente**.

Tan pronto como sexa posible, formalizarase dita acta para deixar constancia da mesma no expediente en base á alcaldía ditará Resolución na que nome formalmente ás tres persoas gañadoras.

O xurado, poderá realizar exclusións de participación no certame, sempre e cando non reúna os ingredientes mínimos. Así mesmo, poderá declarar deserto o certame sempre en virtude de criterios fundados que así o xustifiquen.

O fallo do xurado é inapelable, e, en todo momento, prevalecerá o seu criterio sobre calquera outro.

6. DOS PREMIOS DO CERTAME E PRAZO.

Entregaranse un máximo de **3 premios** (1º, 2º e 3º), ás tres mellores tortillas doces, seguindo a orde e os criterios determinados nestas bases e as puntuacións outorgadas polos membros do xurado.

Os premios consistirán no recoñecemento público das boas artes culinarias da/s persoa/s gañadora/s á ou ás mellor/es tortilla/s doce da festa do Peñón 2022, mediante a entrega dun **diploma e un vale simbólico que dará dereito á realización de compras nun ou en varios comercios do Concello Laxe que libremente elixirán as persoas gañadoras por un importe máximo equivalente ó premio obtido** no certame.

Establécense os seguintes importes económicos para cada categoría dos premios:

- **1º premio: 90,00€ en compras no comercio local de Laxe.**
- **2º premio: 60,00€ en compras no comercio local de Laxe.**
- **3º premio: 30,00€ en compras no comercio local de Laxe.**



Unha vez realizada/s a/s compra/s, a persoa que realizou a inscrición deberá presentar no Concello de Laxe, **copia cotexada** do seu **DNI, DIPLOMA** orixinal que o acredita como persoa gañadora do IV CERTAME “MELLORES TORTILLAS DOCES DO PEÑÓN 2022”, así como **A/S FACTURA/S que lle expedirá/n o/s comercio/s de Laxe**, xunto cunha **INSTANCIA DE SOLICITUDE DE PREMIO** que deberá de solicitar nas oficinas xerais ou descargar da páxina web do Concello de Laxe, sinalando o número de conta bancaria no que o Concello de Laxe lle reembolsará o importe de dita/s factura/s e que, en ningún caso, superará o importe máximo do premio outorgado aínda que o importe das compras xustificadas sexa maior.

A presentación da dita documentación, poderá facerse tanto de xeito presencial como de xeito telemático a través da sede electrónica municipal, sempre e cando a persoa premiada conte con algún sistema de identificación dixital, establecéndose como **PRAZO MÁXIMO DE SOLICITUDE DO PREMIO o día 30.06.2022**.

No caso de que a persoa gañadora non tramite a solicitude do premio dentro do prazo máximo establecido, o Concello de Laxe entenderá que desiste deste, facultándoo para destinar o importe do dito premio a outros fins ou necesidades municipais.

7. DATOS PERSOAIS E DEREITOS DE IMAXE.

Os datos persoais recollidos na inscrición, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este certame. O/s nome/s e apelidos da/s persoa/s gañadora/s, así como as fotografías tomadas das persoas no momento da recollida e entrega dos diplomas e premios do certame, faranse públicos para o seu xeral coñecemento tanto ós medios de comunicación locais como a través dos medios de comunicación e redes sociais dependentes do Concello de Laxe, previa autorización da persoa/s gañadora/s que se entenderá outorgada a través da mesma instancia de solicitude de participación no Certame.

De acordo co Regulamento da Unión Europea 2016/679, do 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas e á libre deses datos, así como coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais facilitados para a participación no concurso, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable o Concello de Laxe.

Estes datos serán tratados de xeito totalmente confidencial e serán usados exclusivamente para os fins expresados.

Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación dos seus datos persoais que figuran nos nosos rexistros, por favor, solicíteo escribindo un correo electrónico a cultura@concellodelaxe.com ou enviando unha carta ó noso enderezo postal indicado na cabeceira do documento.

8. ACEPTACIÓN DAS BASES

A inscrición e participación neste certame, implica a total aceptación destas bases e a cesión dos seus datos persoais nos termos establecidos no apartado anterior.

Laxe.

A concelleira de comercio, hostalaría, turismo e cultura

Raquel Lema Allo